




Entrevistamos a...



Verónica Tellado
DIRECTORA XERAL DE
CONSERVACIÓN DA
NATUREZA

"A Xunta está á cabeza no cumprimento da Directiva Hábitats en España"

[Ler máis...](#)



Juan Guerreiro
EDUCADOR DE
"SEPREMOS BEN,
RECICLAREMOS MELLOR"

"Esta campaña fixo que me concienciase aínda máis da correcta separación dos refugallos"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios



A Asociación de Empresarias e Profesionais de Ourense (AME) está a repartir entre as súas asociadas 10.000 bolsas de papel reciclado subministradas por Sogama.

A achega da entidade, co apoio da empresa pública, está a contribuír á sensibilización ambiental dunha boa parte da poboación ourensá. Como reza o lema impreso nas bolsas, esta acción tamén quere atraer "Unha mirada diferente" sobre a xestión sostible e responsable dos residuos urbanos.

[Ler máis...](#)

Actualidade

Coge3 limpa dous enclaves naturais na costa de Lugo



Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos


Recicla e valorización enerxética, en alza na UE

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

[Ler máis...](#)

Multimedia



Os Trebón case non poden celebrar o magosto!

[Ver o 9º videoconto...](#)

"Caderno Verde" para segundo de primaria

[Ver fichas na web....](#)

Únete á causa de Coge3 en

[Facebook e Twitter...](#)

Eventos



Celebramos as efemérides do calendario verde



Recollida masiva de residuos na Semana da Terra



Colaboración co evento Marzo Saúde Solidario



Acto de entrega de composteiros en Lugo



Visita de Bolivia

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe? Dámosche algunhas ideas!

- Pisto de verduras con ovo escalfado
- Suquet de peixe
- Polo Villaroy con tallaríns de cabaciña
- Puding de bolaría

[Ver receitas...](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Verónica Tellado
Directora xeral
de Conservación
da Natureza.
Xunta de Galicia

"Ordenar os recursos naturais da Rede Natura 2000 en Galicia supón construír unha rede ecolóxica coherente"

A aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 no pasado mes de marzo converteu a Galicia na cuarta comunidade en dotarse dun marco xurídico que regula as actividades permitidas, autorizables ou prohibidas nestes Espazos. Nesta entrevista á directora xeral de Conservación da Natureza, Verónica Tellado, fálanos da importancia deste fito medioambiental para a conservación e posta en valor do noso patrimonio natural, ademais de destacar o orgullo polo complexo traballo desenvolvido grazas á gran implicación de todo o persoal que colaborou na redacción do documento. Non obstante, avanza, "queda moito por facer".

Hai pouco, a Xunta de Galicia presentaba o Plan Director Rede Natura 2000, que o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, chegou a cualificar como "o logro ambiental máis importante dende 1992". Que significa este Plan para a nosa comunidade?

Sen dúbida é un gran logro ambiental. Coa aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 a Xunta ponse á cabeza no cumprimento da Directiva Hábitats en España, sendo a segunda comunidade en transformar todos os espazos declarados Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) como Zonas de Especial Conservación (ZEC).

Ademais, coa posta en marcha das medidas que contempla este plan de ordenación dos recursos naturais da Rede Natura 2000 de Galicia, estamos a construír unha rede ecolóxica coherente no país. O seu obxectivo principal é o mantemento da biodiversidade en consonancia coas esixencias económicas, culturais e locais.

Tamén cabe resaltar que coa aprobación do Plan, Galicia queda fóra do expediente piloto contra o Reino de España polo incumprimento dos prazos na designación das ZEC que establece a Directiva Hábitats.

Trátase dun plan que vai resultar moi restritivo coas actividades que poidan danar o medio ambiente. De que actividades estaríamos a falar?

Era necesario contar cun marco xurídico que regulara as actividades permitidas, autorizables ou prohibidas nos Espazos Rede Natura 2000. Con carácter xeral, e con salvedades contempladas na normativa, exclúense actividades industriais incompatibles cos valores naturais que foron merecedores de protección como son a actividade extractiva, eólica, hidroeléctrica e fotovoltaica. Así tamén as novas actividades industriais que sexan incompatibles cos obxectivos de conservación do espazo, con excepción dos aproveitamentos de produción de enerxía eléctrica renovable que estean incluídos no Plan Enerxético de Galicia. Tamén se restrinxen os proxectos experimentais de calquera fonte de enerxía renovable.

[SEGUIR LENDO...](#)

Entrevistamos a...

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben,
reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que
marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous
enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais
para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio
compost

Unhas 95.000 toneladas de materias
primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética,
en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do
"Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos
mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Así mesmo, caracterízase pola súa plena compatibilidade cos aproveitamentos tradicionais. Explíquenos isto.

Era a nosa obriga non só recoller a compatibilidade dos aproveitamentos tradicionais, senón promovelos e impulsalos. O Plan Director recolle unha serie de directrices e medidas específicas nesta liña como o fomento do mantemento da pesca e marisqueo tradicionais, da agricultura e gandaría extensiva tradicional, entre outras.

A importancia que o Plan lle outorga ás actividades tradicionais conséntase ao establecer a biodiversidade na configuración da Área de Protección (Zona 1), ligándose ao mantemento dos usos tradicionais compatibles.

"Os poderes públicos deben compatibilizar a preservación do medio natural co crecemento económico do país"

establecer unha ordenación como a que recolle o Plan Director. Polo tanto, tal e como anunciou Agustín Hernández tras o Consello da Xunta no que se aprobou o Plan, trátase dun gran logro ambiental do que temos que sentirnos orgullosos porque recolle o complexo traballo que se ten desenvolvido e a gran implicación de todo o persoal implicado na redacción do documento.

Queda moito por facer, pero poder contar cun marco xurídico establecido para encaixar as medidas de conservación é un fito que temos que valorar para o respecto e posta en valor do noso patrimonio natural.

Que superficie do territorio galego ocupa Rede Natura 2000 e cales son as zonas de especial protección.

A superficie total elévase a 389.565,9 ha. O Plan establece como área de protección (Zona 1) territorios cun valor de conservación moi alto, que son o 26,4% do total da superficie.

"Case o 70% das 390.000 ha protexidas, conta cun valor de protección alto; o 26,4%, moi alto; e o outro 6 restante, baixo"

Entendemos que, con este Plan, a nosa comunidade dá un salto cuantitativo e cualitativo en relación ao resto do Estado Español...

A verdade é que si. Aínda que o Plan chega con retraso dado que o prazo para a súa aprobación expirou, o feito de que na Península sexamos a segunda comunidade por detrás de La Rioja, e que no resto do Estado tan só teñan cumprido o mandato europeo Canarias e Melilla, denota a complexidade de

A zonificación máis extensa correspóndese coa área de conservación (Zona 2), que abarca case o 70% e conta cun valor de conservación alto e medio, integrándose nun territorio cun nivel importante de humanización. E por último temos a área de uso xeral (Zona 3), que abrangue territorios cun valor de conservación medio ou baixo (6,0%). Son áreas cun importante nivel de urbanización pero, igual que no caso anterior, non inclúe núcleos rurais tradicionais e de grandes áreas de uso público.

É posible compatibilizar a protección do medio natural co desenvolvemento e crecemento económico do país?

É posible e débese fomentar por parte dos poderes públicos. A maior responsabilidade que temos os xestores dos espazos protexidos é garantir que o desenvolvemento e o crecemento económico sexa compatible coa preservación do patrimonio cultural. Coa aprobación do Plan Director xa temos un marco para empezar a traballar.

Entrevistamos a...

Juan Guerreiro

Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Juan Guerreiro Daporta

Educador medioambiental da campaña
"Separemos ben, reciclaremos mellor"

"Os gobernos locais deben implicarse máis na separación e reciclaxe dos residuos"

Juan Guerreiro Daporta é un dos educadores ambientais que desde o verán de 2013 estivo percorrendo os concellos adheridos ao modelo Sogama coa campaña ambiental "Separemos ben, reciclaremos mellor". Fai unha excelente valoración desta experiencia, tanto a nivel persoal como profesional, que ten como obxectivo informar e concienciar a nenos e adultos sobre a importancia da separación de residuos para completar o ciclo da reciclaxe e valorización dos mesmos. Queda tamén con dúas queixas comúns dos veciños que lles impiden cumprir con este compromiso cívico: a falta de contedores en zonas rurais e a mistura que o camión do lixo fai dos residuos nalgúns concellos.

Tras 10 meses de campaña itinerante por diversos puntos de Galicia, chega o momento de facer balance. Que significa para vostede esta experiencia, tanto dende a dimensión profesional como persoal?

O primeiro que me vén a cabeza son palabras de agradecemento a toda a xente que fai posible que eu poida formar parte deste equipo e desta campaña xa que, aparte do labor levado a cabo por todos con temas tan importantes como a protección do medio ambiente, dáme a posibilidade de viaxar por case a totalidade de Galicia, coñecela moito máis e gozar da beleza que nos rodea na nosa comunidade. Tamén cabe dicir que, aínda que xa separaba e aproveitaba os residuos na miña casa, esta campaña fixo que tanto eu coma os meus achegados quedemos totalmente concienciados da importancia de facer unha mellor separación dos refugallos para darlle un tratamento e uso correcto.

"Ensinar a nenos e adultos garante un futuro mellor e un planeta máis respectado, protexido e coidado"

Respecto á dimensión profesional, non se debe falar á lixeira de temas de gran transcendencia como son o medio ambiente e o tratamento dos residuos por motivos como o esgotamento de recursos naturais e a contaminación. O labor que se leva a cabo na campaña non é só informativo, senón de concienciación para todos os cidadáns.

Recórdenos en que consiste a campaña da reciclaxe, por cantos concellos circulou, cales son os seus obxectivos e, por suposto, as súas prioridades.

Continuando coa resposta anterior, esta é unha campaña, tanto informativa como de concienciación, sobre temas tan importantes como son o medio ambiente, a separación dos residuos nos distintos contedores, a súa recollida e tratamento, produtos finais e beneficios que se poden obter coa súa separación e reciclaxe. Está dirixida a todos aqueles cidadáns e visitantes dos concellos adscritos ao modelo Sogama.

Todo concello interesado pode contar coa nosa colaboración para informar aos veciños, ben sexa a través da aula móbil ou ben a través de visitas a asociacións, colexios e institutos, onde recibirán información acerca da importancia da separación correcta dos diversos residuos, de como aproveitar ben certos restos orgánicos para facer unha boa compostaxe a nivel particular, tamén da importancia da redución do lixo e da súa reutilización en lugar de ter que desbotar todo no contedor, etc.

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



A campaña visitou os lugares máis frecuentados por nenos e adultos

Por isto, aparte de achegarse aos adultos, paréceme moi importante a información que se lles traslada aos rapaces á hora de ir visitar os colexios e institutos, xa que eles son o noso futuro e desde ben cativos deben estar concienciados con estes temas tan importantes.

Ata o de agora, a campaña estivo en 102 concellos, 124 colexios e 25 asociacións, aínda que quedan moitos máis lugares por visitar.

¿Cales son os obxectivos e prioridades?

Entre outros, están a redución dos residuos que se xeran a diario nas nosas casas, que son moi elevados. De aí a importancia de seguir a "regra dos 3R": reducir, reutilizar e reciclar; e de facer unha boa separación dos mesmos para poder levar a cabo un tratamento correcto e posterior reciclaxe co fin de non ter que botar man de novos recursos naturais do noso planeta como o petróleo para facer plásticos ou a tala de árbores para facer o papel.

"Separemos ben, reciclaremos mellor" constitúe, sen lugar a dúbidas, unha das iniciativas educativas máis importantes que o Goberno autonómico levou a cabo en Galicia dende a implantación do sistema de recollida selectiva. Que valoración está a facer a cidadanía da mesma?

Neste aspecto nós atopamos moitas contradicións dependendo dos concellos que visitamos ou da propia concienciación da xente. Hai moitos que aproveitan a nosa visita para dar as súas queixas ou que simplemente protestan sen ter un fundamento claro de como se traballa e de como se tratan todos os temas que comentamos.

Por outra banda, unha gran maioría da xente acolle con bos ollos e ánimos esta iniciativa. Primeiro, pola importancia que ten a concienciación no coidado do medio ambiente e logo, porque moitos que non facían a separación nas súas casas e queren comezar. Tamén hai quen xa o facía e soluciona moitas dúbidas relativas, sobre todo, á hora de saber que tipo de residuos se poden botar en cada contedor.

Máis aló de proporcionar información á poboación, os monitores que traballan na campaña tamén toman boa nota das opinións e observacións dos veciños que se achegan á aula móbil.

Cales son os comentarios máis habituais.

Respecto aos comentarios, queixas e suxestións poderíamos estar falando horas, pero resumindo hai dúas queixas principais e habituais que teñen moita importancia. A primeira é a falta de medios, principalmente de contedores. A maioría das protestas veñen por parte dos veciños que viven no rural, xa que contan con poucos contedores de separación ou nalgúns casos, únicamente co xenérico polo que non están a



"A campaña estivo en 102 concellos, 124 colexios e 25 asociacións e aínda quedan moitos máis lugares por visitar"

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

favor de facer unha boa separación dos residuos sen ter os medios nin as mesmas facilidades que poden ter por exemplo nas cidades ou en núcleos con gran poboación. A segunda queixa apunta ao camiión do lixo porque mestura o contedor xenérico e o amarelo. Cabe dicir que hai camiións de recollida que teñen distintos compartimentos para facer a diferenza entre estes tipos de residuos.

Como está a ser a implicación dos gobernos locais?

Dentro dos gobernos locais atopamos diferenzas respecto á implicación coa separación dos residuos como coa nosa campaña. En moitos atopamos unha boa colocación dos contedores, carteis informativos e implicación total dos membros corporativos do goberno local, mentres que noutros observamos certo abandono respecto ao tema. As veces son os veciños mesmos os que nos comentan o propio desinterese ou a mala xestión levada a cabo polos seus mandatarios.

Penso que os gobernos locais deberían ter unha maior implicación na separación de residuos e a súa reciclaxe, así coma no coidado do medio ambiente. Aparte da mellora na concienciación e agradecemento dos seus veciños, atópanse os motivos económicos, sendo beneficioso para o concello mesmo facer unha correcta separación e recollida do lixo.



A Xunta de Galicia ten claro que educación constitúe o cimento sobre o que se constrúe un mundo mellor. Vamos no bo camiión?

Rotundamente si. Na educación e concienciación débese centrar todo xa que facer as cousas ben non só é beneficioso para un mesmo, senón para todos. Ensinar tanto a nenos coma aos adultos é a forma correcta de garantir que nun futuro as cousas se fagan cada vez mellor e teñamos unha mellor idea dun planeta máis respectado, proxectado e coidado.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Mundo SOGAMA



Os clientes das empresas asociadas a AME levan as súas compras nestas bolsas desde comezos de ano

As 10.000 bolsas de papel reciclado repartidas polas empresarias de Ourense contribúen ao consumo responsable

Desde case comezos de ano, as compras dos veciños de Ourense colaboran co coidado do medio ambiente e co consumo responsable xa que a Asociación de Empresarias e Profesionais da provincia de Ourense (AME) está a repartir entre as súas asociadas 10.000 bolsas de papel reciclado subministradas por Sogama.

Esta actuación ten lugar no marco do convenio de colaboración formalizado entre ambas entidades en outubro de 2013. O compromiso asumido por AME é o de levar a cabo unha tarefa de sensibilización ambiental para reducir o uso de bolsas plásticas, apostando por alternativas máis sostibles e respectuosas co medio ambiente. As bolsas, que levan impreso o lema "Unha mirada diferente" pódense ver nas rúas e vilas de Ourense dende febreiro pasado.

A iniciativa pretende, ademais, sensibilizar á clientela das empresas adscritas a AME sobre a xestión sostible e responsable dos residuos urbanos e sobre a importancia do principio comunitario dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar) para previr a elevada produción de lixo e posibilitar o máximo aproveitamento dos produtos a través da recollida selectiva ata esgotar a súa vida útil.

Eliminar bolsas plásticas non biodegradables

A asociación contribúe así ao obxectivo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) de eliminar da circulación en 2018 as bolsas plásticas non biodegradables, mantendo unicamente as destinadas a albergar carnes e peixes. Nesta liña, numerosas superficies comerciais xa instan aos consumidores a levar as súas propias bolsas da casa e a recuperar o tradicional carriño da compra

A entrega de bolsas biodegradables de papel reciclado constitúe tamén un xesto máis na política medioambiental e de Responsabilidade Social Corporativa de AME, así como na loita pola igualdade de oportunidades. Neste contexto, a achega da asociación, co apoio de Sogama, resulta clave na sensibilización ambiental dunha boa parte da poboación ourensá.

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Reciclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Os voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais en Foz e no Masma



Os residuos especiais depositanse nos puntos limpos, non en espazos naturais como o Rego Real, en Foz

A colaboración e a implicación cidadá é clave para coidar un ben que é usado, e demasiadas veces maltratado, por todos: o medio ambiente. Por iso, os bos resultados do proxecto Coge3, unha iniciativa global de carácter medioambiental que conta co respaldo de Sogama, son boas noticias sobre o activismo contra a invasión dos residuos e a falta de conciencia, así como un claro apoio á recollida selectiva.

Coge3 é unha iniciativa fundada en Galicia o pasado ano e xestada no seo do club de surf Augas Santas de Barreiros (Mariña lucense) co fin de manter en bo estado, e libre de residuos, o contorno natural, fundamentalmente as praias. O obxectivo é que calquera persoa que realice unha actividade ao aire libre, retire tres restos de lixo, lles saque unha fotografía e a comparta nas redes sociais deste programa, [Facebook](#) ou [Twitter](#).

En marzo deste ano, promotores e voluntarios levaron a cabo dúas limpezas en outros tantos enclaves naturais da costa lucense. O 7 de marzo eliminaron un vertido incontrolado na desembocadura do Rego Real, na Praia dos Alemáns (Foz). A dificultade do terreo mesmo obrigou ao grupo a usar equipos de cordas e grúas.

Malia que en Galicia xa foron selados polo Goberno autonómico todos os vertedoiros municipais, a falta de concienciación cidadá provoca que sigan a aparecer puntos de vertido ilegal que é preciso eliminar e rexenerar.

Aos voluntarios que se achegaron ata o Rego Real regalóuselles diverso material divulgativo e de merchandising para axudalos a transmitir os seus valores ao resto da poboación.

Barreiros

Unha semana despois, o 13 de marzo, os participantes concentráronse en Barreiros. Alí limparon o Camiño Real da Ría do Masma xa que as mareas vivas e os fortes temporais dos últimos meses provocaron unha gran acumulación de lixo nesta zona.

A Ría do Masma, que forma parte de Rede Natura, constitúe un conxunto natural no que se encontran integrados numerosos hábitats de interese comunitario. Por unha banda, a ría cos seus humedais, areas e dunas. Polo outro, o río Masma, que conta con numerosa vexetación acuática e bosques, sendo tamén todo un referente na pesca do salmón en Galicia. No seu contorno existen moitas rutas, podendo destacar a de Pena Comería, cunha paisaxe dominada por distintas panorámicas de todo o litoral mariñano.

www.cogetres.com



SUBIR

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Os concellos reciben as claves para reducir o custe da xestión dos residuos urbanos no manual "Menos é Máis"

Co obxectivo de axudar aos concellos adscritos a Sogama a que leven a cabo unha xestión máis sostible e menos custosa dos residuos urbanos, a Consellería de Medio Ambiente e a empresa pública distribuiron, vía dixital, un código de boas prácticas baixo o título "Menos é Máis".



O manual recolle sinxelos consellos e recomendacións para producir menos refugallos, alargar a vida útil dos produtos e incrementar as porcentaxes de reciclado. O obxectivo é que só sexa sometida a tratamento final a parte non reciclable do lixo, que é pola que realmente deben pagar os entes locais.

De feito, efectuando unha boa recollida selectiva en orixe, e aínda coa suba do canon de Sogama, os concellos recibirán maiores ingresos por parte dos Sistemas Integrados de Xestión, que se calculan en máis de 20 millóns de euros para o ano 2020. Este importe permitiralles custear e reducir o importe da factura a pagar a Sogama.

O código incide en dous temas importantes. O primeiro, a importancia da compostaxe doméstica no ámbito rural para a reciclaxe da materia orgánica. Esta práctica, de sobra coñecida en calquera casa, permite retirar do lixo convencional en torno ao 40 por cento dos desperdicios. O segundo asunto sobre o que se chama a atención é a necesidade de depositar os envases de vidro nos iglús verdes, xa que, de ser mesturados no contedor xenérico, o sobrecusto da factura é proporcional ao excesivo peso da bolsa negra.

O material divulgativo, tamén accesible na web de Sogama, complementouse cun curso de formación on line de dous meses orientado a representantes e traballadores municipais. A elevada demanda obrigou a ampliar a 80 as 50 prazas previstas nun inicio.



[Descarga o código de boas prácticas "Menos e máis"](#)

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Reciclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Os quince concellos da Mariña Lucense fabrican o seu propio compost

O programa de compostaxe doméstica de Sogama xa se estende a máis de medio milleiro de vivendas dos 15 concellos que conforman a mancomunidade da Mariña Lucense.

Se en 2010, a experiencia piloto comezou, e continúa en Alfoz, Barreiros, Cervo, Trabada e Lourenzá, agora o programa amplíase en Ribadeo e Xove, e implantouse en Burela, Foz, Mondoñedo, Ourense, O Pontenova, Riotorto, O Valadouro e O Vicedo.

Como é habitual, Sogama asumiu a dotación de composteiros e material didáctico e divulgativo de apoio, así como a formación dos representantes municipais e análise científica do abono resultante. Desta tarefa encargárase a Universidade de Santiago de Compostela para que verifique se este cumpre cos requisitos de calidade esixidos pola normativa vixente.

A empresa tamén dotou á Mancomunidade con 750 lotes de bolsas de recollida selectiva para fomentar e facer máis cómoda a selección de residuos en orixe, promovendo o correcto depósito dos mesmos nos contedores axeitados.

3.000 familias en Galicia

As vantaxes ambientais, sociais e económicas da compostaxe doméstica son, a día de hoxe, incuestionables. En total Galicia xa son preto de 3.000 as familias galegas as que elaborarán compost coa axuda e o asesoramento da Sociedade Galega do Medio Ambiente. O abono natural que obteñen a partir dos restos orgánicos utilízase como substituto dos tradicionais fertilizantes químicos, previo análise desde o punto de vista científico pola Universidade de Santiago de Compostela, a fin de corroborar que cumpre con todos os requisitos de calidade para ser utilizado con garantías na agricultura e de acordo coa normativa vixente.



Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario


[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Sogama recuperou cerca de 95.000 toneladas de residuos en cinco anos

A empresa pública contribuíu ao aforro de enerxía e materias primas, así como á redución das emisións de CO₂



Envases prensados e embalados listos para enviar a reciclar

Dende 2009 e ata 2013, a Sociedade Galega do Medio Ambiente remitiu aos centros recicladores 94.569,85 toneladas de residuos de envases. A cara positiva desta noticia é que a recuperación desta gran cantidade de material supuxo o aforro doutra gran cantidade de enerxía e materias primas, así como a redución de emisións de CO₂ á atmosfera.

Entre os envases recuperados contémpanse os contidos no lixo en masa (bolsa negra) e depositados erróneamente pola cidadanía no contedor verde convencional. É o caso dos envases de aceiro e aluminio, que representan, no primeiro caso, un total de 40.819,85 toneladas, e, no segundo, de 1.561,63 toneladas. Para a clasificación destes materiais, a empresa sèrvese de mecanismos tales como electroimáns e correntes de Foucault.

Non obstante, e máis alá do aceiro e o aluminio, a Sociedade incorporou recentemente a selección do aceiro residual, é dicir, aquel que, dadas as súas características, composición (mestura con outros desperdicios) e tamaño, non logra ser captado polos sistemas electromagnéticos habilitados na planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible (PRTE).

Tamén por primeira vez na súa historia, a entidade recupera os envases de vidro mesurados co residuo xenérico, contribuíndo a incrementar, nun 80 por cento, a reciclaxe deste material en Galicia.

Contedor amarelo

Respecto dos envases lixeiros procedentes da recollida selectiva do contedor amarelo (envases de plástico, latas e briks), a compañía incrementou a clasificación dos mesmos en máis dun 50,56 por cento.

Unha vez seleccionados, os materiais son prensados e embalados por tipoloxías, e de forma independente, para a súa remisión á industria recicladora.

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Reciclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Producimos menos lixo nas nosas casas

© RAÚL LORENZO

Recicla e valorización enerxética, dúas prácticas en alza na Unión Europea

A xeración de residuos baixou dos 503 aos 492 quilos por persoa e ano

A reciclaxe e a valorización enerxética dos residuos non reciclables continúan á alza na Unión Europea, cunhas medias do 27 e do 24 por cento respectivamente. Así se deduce do estudo que Eurostat acaba de facer público sobre a xestión dos residuos urbanos no ámbito comunitario correspondente ao ano 2012, no que se constata igualmente a menor xeración de residuos urbanos, baixando dos 503 aos 492 quilos por persoa e ano.

Establecendo unha comparativa con 2011, pódese comprobar que a reciclaxe sobe en dous puntos (do 25 ao 27 por cento), que a incineración con recuperación de enerxía o fai nun punto (do 23 ao 24 por cento) e que o vertido baixa tres puntos (do 37 ao 34 por cento), manténdose a compostaxe industrial no 15 por cento.

Os países máis avanzados seguen a presentar altas taxas de reciclaxe e de valorización enerxética, o que fai que os seus niveis de vertido sexan inferiores ao tres por cento.

A situación de España dista moito da alcanzada polos Estados do norte e centro de Europa como Dinamarca, Alemaña, Bélxica e Austria. Se ben o reciclado sobe en dous puntos e a incineración nun, o vertido, lonxe de verse reducido, aumenta en cinco puntos, ascendendo do 58 ao 63 por cento.

En Galicia, dende a posta en marcha do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020, o vertido baixou ao 44 por cento, prevendo que diminúa ata o 24 por cento nos próximos anos.

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Comezo de 10 para os alumnos do "Reciclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Primeiro sobresaliente para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

Dos 17 centros participantes, catro alcanzaron a máxima puntuación



Escolares divertíndose co xogo xigante dos residuos

Os 17 centros educativos que participan no programa "Recíclate con Sogama" 2013-2014, superaron con nota a primeira proba de avaliación realizada pola empresa pública. Así o corroborou a entidade a través da caracterización dos residuos depositados nos distintos contedores que conforman as illas de reciclaxe escolares (amarelo, para os envases de plástico, as latas e os briks; azul, para o cartón e papel; e verde convencional, para a fracción resto).

Nunha escala de 0 a 15, catro colexios alcanzaron a máxima puntuación, acreditando deste xeito a cuidadosa selección das distintas fraccións que conforman o lixo e o correcto depósito das mesmas nos recipientes de destino. Trátase do CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira, de Ferrol, o CEIP Vicente Risco de Cualedro, na provincia de Ourense, o CEIP Santa María da Fonsagrada, en Lugo, e o CEP Sabarís, de Baiona (Pontevedra).

A alta implicación, interese e traballo aportado pola comunidade educativa resultou esencial de cara á obtención destes resultados tan positivos.

Xornadas de formación do profesorado, edición de material didáctico e divulgativo, presentacións en power point e distribución de merchandising ou a visita do xogo xigante dos residuos, son algunhas accións que Sogama levou aos colexios. Estas complétanse coas actividades desenvolvidas polas escolas no marco dos seus respectivos proxectos.

A tempo para a recuperación

Os colexios que se atopan por baixo da máxima puntuación, aínda están a tempo de alcanzala na segunda inspección, que previsiblemente se levará a cabo o próximo mes. De aí a importancia de que consulten a Sogama todas as súas dúbidas e reforcen a formación para que os alumnos consigan separar correctamente os refugallo producidos e que incorporen esta práctica aos seus comportamentos diarios.

SUBIR

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



“Separemos ben, reciclaremos mellor” acode á Green Week

A campaña “Separemos ben, reciclaremos mellor”, que promove a Consellería de Medio Ambiente e Sogama, contando coa colaboración de Ecoembes e os Sistemas Integrados de Xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP), recibiu o recoñecemento europeo ao ser incluída como evento satélite na Green Week pola Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea.

Do 3 ao 5 de xuño, durante a Semana Verde Europea 2014, a maior conferencia anual sobre a política comunitaria de medio ambiente, daranse a coñecer en Bruxelas as actuacións enmarcadas neste programa.

A páxina web da [Green Week](#) faise eco das distintas actuacións a desenvolver durante os dous próximos meses en diferentes municipios galegos, proxectándose igualmente no panel xigante do principal punto de reunión na capital europea.

A previsión é que esta iniciativa autonómica, lanzada en xullo de 2013, e que chegará ao seu fin o próximo mes de xuño, circule pola práctica totalidade dos 180 concellos galegos adscritos a Sogama.

A Semana Verde ofrece unha oportunidade única para o debate e o intercambio de experiencias e boas prácticas, nesta edición centrados sobre a economía circular. De forma paralela, lévanse a cabo eventos satélites, como é o caso da campaña autonómica da reciclaxe.

Na edición do pasado ano participaron 2.100 persoas procedentes das administracións, empresas, industrias, organizacións non gobernamentais, ámbito académico e medios de comunicación.

SUBIR

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de “Separemos ben, reciclaremos mellor”

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Reciclaxe e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do “Recíclate con Sogama”

Multimedia

Eventos


Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)


Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia



Planeta Verde (9º capítulo): O magosto

Os Trebón, a nosa familia extraterrestre máis querida e protagonista dos videocontos "Planeta Verde", descobre as castañas e o magosto. Pero cando se dispoñen a comezar a festa, atopan todo o bosque cheo do lixo que outra xente deixou no sitio e non recolleu...

Mira o vídeo para saber como acaba o magosto dos Trebón!

[Ver vídeo...](#)

O segundo ciclo de Primaria tamén pode aprender co "Caderno Verde"

O portal educativo Caderno Verde www.cadernoverde.com actualízase coa incorporación de unidades didácticas específicas orientadas ao segundo ciclo de primaria (3º e 4º curso -8 a 10 anos de idade). Durante o curso 2012-2013, este sitio web centrouse fundamentalmente nos pequenos de primeiro ciclo.

Os "Amigos de Vilaverde" e a Familia Trebón, os protagonistas das historias educativas de Sogama, abren a edición deste ano coas matemáticas, utilizando para isto o contedor azul e o complexo medioambiental de Sogama, que estarán presentes na resolución de distintos problemas e cálculos.

Caderno Verde é a iniciativa educativa de Sogama destinada a apoiar a formación académica do alumnado galego. Con www.cadernoverde.com preténdese sensibilizar a unha boa parte da poboación de que o medio ambiente non constitúe un área de coñecemento illada e desconectada do currículo escolar, senón que está presente en todos os escenarios das nosas vidas.



[Web do Caderno Verde](http://www.cadernoverde.com)

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro

Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia



Únete a Coge3 nas redes sociais

Se vas á praia, das un paseo polo bosque ou simplemente estás no parque e ves lixo, únete á iniciativa Coge3! Colle tres residuos, saca o móbil, tíralles unha foto e súbea ao seu [Facebook](#) ou ao [Twitter](#) co hashtag #Coge3.

Estarás colaborando cos propoñedores desta gran idea que defenden o reposto e a limpeza do medio no que todos vivimos.

Por último, non esquezas tirar os residuos nos contedores correspondentes. Azul para papel e cartón; amarelo para envases (latas, briks e plásticos); verde para vidro; e restos de comida ou material non reciclable como cueiros ou compresas, no xenérico.

Recorda! Os residuos especiais, como as pilas, van para uns contedores específicos ou para o punto limpo.



www.cogetres.com



SUBIR

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

CALENDARIO VERDE Efemérides que nos recordan que debemos coidar a "nosa casa"

Neste 2014 celebramos o Ano Internacional da Agricultura Familiar e a efeméride é a excusa perfecta para recordar que esta actividade contribúe á economía local e á seguridade alimentaria, constituíndo un interesante instrumento para combater a fame e a pobreza.



Con todo, chama a atención que o 70 por cento da xente que sofre inseguridade alimentaria sexan agricultores de África, Asia, Latinoamérica e Próximo Oriente ao atoparse con serias limitacións de recursos, financiamento e acceso á tecnoloxía.

A pretensión da Organización das Nacións Unidas (ONU) é corrixir esta situación e con tal motivo pola que a celebración da efeméride de aquí a decembro quere chamar a atención sobre a falta de eficacia das políticas aplicadas ata o de agora.

O pasado 5 de marzo celebrouse o Día Mundial da Eficiencia Enerxética, unha xornada coa que se pretende incitar á reflexión e promover o consumo enerxético sostible desde a dimensión ambiental e económica.

Co fin de poñer o seu gran de area, e atendendo á súa filosofía empresaria, Sogama editou, a principios do ano en curso, un manual de boas prácticas no que recolle sinxelos consellos cos que fomentar o aforro de enerxía e a menor produción de residuos. A publicación distribuíuse a todos os colectivos sociais e tamén se pode descargar na web da empresa pública.



Descarga a "Guía de boas prácticas para o aforro de lixo, enerxía e auga"

Por que o 21 de marzo é o Día Internacional dos Bosques?

Porque é o primeiro día do outono no hemisferio sur e primeiro da primavera no hemisferio norte. Esta é unha xornada coa que se pretende enxalzar a importancia que a masa forestal ten para as nosas vidas, tanto dende a dimensión ambiental como económica.

Non podemos esquecer de que as árbores subministrannos alimento, aire puro, auga limpa e terra cultivable, salvagardan a biodiversidade e actúan como un amortecedor contra o cambio climático. E aínda por riba, ofrécenos medicinas, materiais de construción, vivenda e emprego. Que máis se pode pedir polo pouco que lles damos a cambio? En 2015 unha boa forma de conmemorar a efeméride será plantando unha árbore. Pénsao!

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Verónica Tellado
Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro
Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia


Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

22 de marzo: Día Mundial da Auga


Esta é unha celebración xestada en 1993 polas Nacións Unidas co fin de abordar os problemas relacionados cos recursos hídricos porque se ben máis do 75 por cento da superficie terrestre está cuberta por auga, só entre un 2,5 e un 3 por cento é doce ou consumible. E desta porcentaxe, as tres cuartas partes encóntranse nos glaciares e grandes montañas, dividíndose o resto en augas superficiais, como lagos, ríos e augas.

Como cidadáns é preciso que tomemos conciencia dos problemas que supón o malgasto de auga, sobre todo tendo en conta os datos oficiais. A FAO prevé que para o ano 2025, dous tercios da poboación mundial poida vivir baixo condicións de estrés hídrico.

7 de abril: Día Mundial da Saúde

Este ano prestouse especial atención ás enfermidades por vectores, entendéndose como tales os organismos que transmiten patóxenos dunha persoa (ou animal) a outra, sendo máis frecuentes en zonas tropicais e lugares con problemas de acceso á auga potable e ao saneamento.

No caso de Galicia, a posta en marcha do modelo Sogama permitiu pechar e clausurar o elevado número de vertedoiros incontrolados diagnosticados na nosa comunidade na década dos 90, con serios riscos medioambientais e sanitarios (contaminación de acuíferos e propagación de enfermidades).



Máis de 125 metros cúbicos de residuos recollidos na Semana da Terra

Entre o 22 e o 30 de abril, Coge3, a iniciativa de carácter medioambiental que conta coa colaboración de Sogama, celebrou a Semana da Terra cun acto global de limpeza e recollida de residuos en Galicia, resto de España e o estranxeiro.

Máis de 300 voluntarios de clubs, escolas de surf, administracións e un longo etcétera de organizacións de calquera punto do planeta foron chamados para unirse á convocatoria, recollendo máis de 125 m3 de lixo.

De entre as distintas convocatorias realizadas para o período comprendido entre os días 22 e 30 de abril, cabería salientar a levada a cabo na praia ferrolana de Doniños e nunha de Cervo. O traballo dos voluntarios resultou exemplar, non só a nivel de esforzo físico, senón no plano da divulgación e da sensibilización ambiental.

O Día da Terra xirou este ano en torno ás "Cidades Verdes", que deben facer fronte aos retos ambientais únicos do noso tempo para ser máis sostibles e reducir a súa pegada de carbono.

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro

Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Recíclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Receitario


[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Colaboración co “Marzo saúde solidario”



FOTO DE MÓNICA SANCOSMED SANTÍN

Sogama colaborou, por segundo ano consecutivo, no evento “Marzo saúde solidario”, que na pasada edición transcorreu polos municipios lucenses de Castroverde e Baleira

Baixo o lema “BAL-CAS Unión dos Pobos polo Camiño Primitivo”, o domingo, día 23 de marzo celebráronse actividades deportivas e un xantar, destinando os beneficios obtidos ao Banco de Alimentos de Lugo e á AECC.

Cada un dos participantes aportou un quilo de comida non perecedeira que foi entregada ao Banco de Alimentos da cidade da Muralla.

Pola súa parte, Sogama repartiu entre os asistentes centos de lotes de bolsas de recollida selectiva, así como diverso material divulgativo e de merchandising.



Entrega de composteiros en Lugo

O presidente de Sogama, Luís Lamas, acompañado polo alcalde de Lugo, José López Orozco, participou a comezos de abril na entrega testimonial de recipientes ás familias que se inscribiron no programa de compostaxe doméstica impulsado polo goberno local e no que colabora a empresa pública.

Dos 100 composteiros a distribuír, 50 foron aportados no seu momento por Sogama, ademais de diverso material didáctico e divulgativo: 300 carteis e 500 manuais. Así mesmo, cedeu ao concello 100 lotes de bolsas de recollida selectiva que se repartirán entre todos os particulares que se dean de alta na liña verde local.

Visita de senadores de Bolivia

O presidente de Sogama, Luís Lamas, foi o encargado de darlle a benvinda ao grupo na visita realizada a principios de abril para coñecer o seu funcionamento do complexo. Foi, ademais, el mesmo quen lles proporcionou as oportunas explicacións sobre o modelo polo que apostou esta empresa pública, distinguido por aplicar de forma rigorosa a lexislación vixente na materia.

A continuación, o grupo realizou un percorrido guiado pola infraestrutura industrial de Sogama (complexo medioambiental e vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa), estando acompañado en todo momento polo máximo responsable da Sociedade.



En Bolivia, a alta produción de residuos constitúe a día de hoxe un serio problema medioambiental e de saúde pública, toda vez que a súa xestión circunscríbese ao depósito en vertedoiros que, na súa maioría, non dispoñen das mínimas condicións de seguridade e control.

SUBIR

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro

Educador de “Separemos ben, reciclaremos mellor”

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do “Recíclate con Sogama”

“Separemos ben, reciclaremos mellor” acode á Green Week

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario

ENTRANTE

Pisto de verduras con ovo escalfado

Nivel de dificultad: 1 2 3

Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 600 gr. Verduras á grella sobrantes.
- 4 unid. Ovos moi frescos.
- 125 gr. Champiñóns cortados en lascas.
- 125 gr. Cebola picada fina.
- 60 gr. Manteiga.
- c/s Fariña.
- 12 cl. Caldo de carne.
- 12 cl. Viño branco.
- 2 unid. Xemas de ovo.



ELABORACIÓN:

Para o mollo de viño:

- Saltear os champiñóns e as cebolas en manteiga uns 5 minutos, ata que empecen a abrandar. Espallar fariña na verdura e engadir o caldo e o viño. Cocer a lume lento durante 20 minutos aproximadamente ou ata que as cebolas estean tenras e o mollo espeso.
- Fóra do lume, engadir as xemas ao mollo e quentar de 1 a 2 minutos mais sen deixar ferver a mestura.

Para escalfar os ovos:

- Nunha pota baixa poñer auga con sal e un pouco de vinagre a ferver.
- Escachar un ovo, apagar o lume e engadir o ovo á auga, tapar a pota e deixar pasar 3 minutos. Sacar da pota cunha escumadeira e recortar os bordes do ovo. Reservar quentes.

ACABADO E PRESENTACIÓN:

- Pór unha tixola a lume máximo e saltear as verduras. Colocar nun prato.
- Colocar enriba o ovo escalfado e botar o mollo quente.

c/s: cantidade suficiente

SE ES MÁIS DE PEIXE...

Suquet de peixe

Nivel de dificultad: 1 2 3

Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 900 gr. Peixe en toros enfariñado e frito (dourada, peixe sapo, pescada, sargo, ...).
- 12 unid. Langostinos pelados (aproveitamos as peladuras para facer o caldo).
- 400 gr. Patacas cortadas en toros.
- 4 unid. Tomates maduros pelados e desprovistos de semente.
- 2 unid. Cebola picada moi fina.
- c/s Viño branco.
- c/s Allo.
- 1 foll. Loureiro.
- 60 gr. Améndoas tostadas.
- c/s Perexil.
- c/s Sal.
- c/s Aceite de oliva.



ELABORACIÓN:

Para o mollo:

- Coas peladuras dos langostinos facemos uns 2 litros de caldo poñéndoas a cocer en auga. Unha vez cocidas, trituramos e pasamos por un coador. Reservamos quente.
- Nunha cazola baixa pochamos o allo e a cebola nun pouco de aceite xunto coa foll. de loureiro. Unha vez pochados, engadir un pouco de viño branco e deixar reducir. Agregar o tomate e deixar que se faga o sofrito ata que o aceite flote por riba deste, así sabermos que está no punto de cocción.
- Engadir as patacas no sofrito e un pouco de caldo ata cubrir. Cocemos ata que as patacas estean feitas e reservamos quentes.
- Botar un pouco máis de caldo, engadir unha picada feita co allo, coas améndoas, co perexil e máis un pouco de aceite e deixar ferver.
- Engadir o peixe e os langostinos pelados e dar só un fervor.

Nota: no caso de que non quede ben ligada engadir un pouco de fariña diluída en auga e ferver.

c/s: cantidade suficiente

SE PREFIRES CARNE...

Polo Villaroy con tallaríns de cabaciña

Nivel de dificultad: 1 2 3

Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 4 und. Filetes de peituga de polo.
- 3/4 l. Leite.
- 100 gr. Fariña.
- 100 gr. Manteiga.
- c/s Fariña.
- c/s Ovo batido.
- c/s Pan relado.
- c/s Aceite para fritir.

PARA A GORNICIÓN:

- 4 und. Cabaciña.
- c/s Allo e aceite de oliva.



ELABORACIÓN:

- Nunha tixola fundir a manteiga e engadir a fariña, deixar refogar. Ir agregando aos poucos o leite morno. Unha vez engadido todo o leite, sazonar e deixar que coza a bechamel.
- Unha vez feita a bechamel e estando aínda quente, somerxer os filetes de peituga de xeito que queden ben envoltos na mesma. Reservar nunha bandexa engraxada ata que arrefrien.
- Unha vez fríos, rebozalos en fariña, ovo batido e pan relado, seguindo esta orde.
- Fritir en abundante aceite quente, ata que estean dourados. Escoar sobre papel absorbente.

Para a gornición:

- Cortar finos os tallaríns de cabaciña lonxitudinalmente para aproveitar o verde e un pouco de branco.
- Pór aceite nunha tixola, engadir o allo e cando estea dourado botar os tallaríns de cabaciña, salar e saltear.

c/s: cantidade suficiente

SOBREMESA

Puding de bolaría

Nivel de dificultad: 1 2 3

Nº pax: 8

CANTIDADES E INGREDIENTES:

PARA A MOUSSE:

- 200 gr. Recortes de doces do almorzo (croissants, suizos, magdalenas, biscoitos,...).
- c/s Leite para empapar os recortes.
- 500 gr. Tona.
- 600 gr. Leite.
- 9 unid. Ovos enteiros.
- 190 gr. Azucre.
- c/s Azucre para o caramelo.



ELABORACIÓN:

Para a mousse:

- Elaborar un caramelo co azucre e un pouco de auga nunha tixola a lume forte e sen remover. Forrar co caramelo o fondo do molde e reservar frío.
- Empapar os recortes de bolos en leite para que non absorba despois o recheo do puding. Escorrer un pouco e reservar.
- Mesturar o leite, a tona, os ovos e o azucre todo nun recipiente coa axuda dun batedor ou batedora.
- Engadir a mestura ao molde caramelizado e repartir os recortes enchoupados.
- Cocer ao baño María no forno a 160°C ata que ao lle clavar unha agulla metálica esta saia limpa, aproximadamente 45 minutos.

PRESENTACIÓN:

- Desmoldar nunha bandexa ou fonte e servir frío ao centro da mesa.

c/s: cantidade suficiente

Entrevistamos a...

Verónica Tellado

Directora xeral de Conservación da Natureza

Juan Guerreiro

Educador de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Mundo Sogama

Bolsas de papel reciclado que marcan cambios

Actualidade

Voluntarios de Coge3 limpan dous enclaves naturais na costa lucense

Código de boas prácticas ambientais para os concellos

A Mariña lucense fabrica o seu propio compost

Unhas 95.000 toneladas de materias primas aforradas en cinco anos

Recicla e valorización enerxética, en alza na Unión Europea

Comezo de 10 para os alumnos do "Reciclate con Sogama"

"Separemos ben, reciclaremos mellor" acode á Green Week

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es

